

## **REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO DA TITULACIÓN DE GRAO EN XORNALISMO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **Introdución**

O Traballo Fin de Grao (TFG), tal e como recolle a normativa vixente, consiste na elaboración dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos das titulacións de Grao. Comprenderá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, selección, tratamiento e elaboración de información. É un traballo final onde se deben reflectir as competencias adquiridas na titulación e, ao mesmo tempo, unha ponte cara a práctica profesional. Supón un reto que implica ao alumnado, ao profesorado e ao conxunto da Facultade no tramo final da formación académica.

### **Artigo 1. Obxecto**

Regular o proceso de realización e presentación do TFG no Grao en Xornalismo.

### **Artigo 2. Contidos e modalidades dos TFG**

O TFG consistirá na elaboración dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa axustándose ás pautas específicas de cada modalidade.

O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual ou en grupo dun traballo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos. A posibilidade de elaboración grupal do traballo quedará supeditada á súa inclusión na guía do TFG do Grao, na que se especificarán as pautas para o seu desenvolvemento, informe e avaliación.

Establécense dúas possibles modalidades (estudo ou traballo de iniciación á investigación; traballo de tipo proxecto ou traballo de tipo experimental). As características de cada unha delas concretaranse no programa e na guía docente de TFG da titulación para cada curso académico.

A Comisión Académica e de TFG poderá propor outras modalidades, se así o estima oportuno.

### **Artigo 3. Comisión Académica e de TFG**

A Comisión Académica e de TFG, delegada da Xunta de Facultade, terá as seguintes funcións:

- Designar unha coordinador/a de TFG por titulación.
- Propoñer a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual para asignación de titor/a e calendario de depósito e defensa.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e os criterios de asignación.
- Decidir sobre a modificación de liñas, temas e/ou titor/a asignado/a.
- Fixar as características xerais e as modalidades dos TFG.
- Aprobar os tribunais e sistemas de avaliación dos traballos (ante tribunal e complementaria á do tribunal).
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Aprobar os criterios de avaliación.
- Establecer as datas de depósito e defensa dos TFG.
- Calquera outra que a Xunta de Facultade lle encomende.

### **Artigo 4. Matrícula**

A matrícula realizarase nos prazos establecidos pola USC. Para poder formalizala o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos excluídos os correspondentes ao TFG.

Para a presentación e defensa pública dos TFG será requisito necesario ter superados todos os créditos do Grao, excepto os correspondentes ao TFG. A Facultade verificará que se cumplen estos requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias do Grao, a/o secretaria/o da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións obtidas polo alumnado que vaia a presentar os traballos na mesma convocatoria.

A matrícula dará dereito á presentación e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das datas que se establezan para cada curso académico.

O número máximo de convocatorias que poderá empregar o alumnado será de catro. No caso de obter a cualificación non presentado ou suspenso en todas as oportunidades, considerarase esgotada a convocatoria.

No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

#### ***Artigo 5. Titorización dos TFG***

Os TFG serán realizados baixo a supervisión dun titor ou tutora que oriente e asista ao/á estudiante. O/a titor/a programará sesións de traballo con cada estudiante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor ao/á estudiante as características do TFG, e de axudalo no seu desenvolvemento, na procura da consecución dos obxectivos propostos; tamén emitirá un informe do TFG que teña tutelado.

A Comisión Académica e de TFG poderá, excepcionalmente e de forma motivada, nomear un/ha cotitor/a coas funcións que lles asigne.

O titor ou tutora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que imparten docencia na propia titulación.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotutores profesores da USC que se atopen nas situacións indicadas no artigo 5 da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG na USC.

Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Neses casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor/a que poderá ser persoal da institución na que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

#### ***Artigo 6. Propostas dos TFG***

A Comisión Académica e de TFG arbitrará as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que cada estudiante en condicións de realizar o TFG poda facelo.

##### ***6.1. Modalidade Consensuada***

Nesta modalidade, o alumnado deberá presentar as propostas consensuadas co profesorado. A proposta deberá incluír o título do traballo, o nome do/a titor/a e os nomes e sinaturas dos/as alumnos/as que fan a proposta, tipo de traballo (individual ou en grupo), unha breve descripción dos obxectivos, metodoloxía ou método de traballo, fases do traballo e referencias bibliográficas básicas.

O alumnado, xunto coa proposta do parágrafo anterior, deberá presentar unha carta-acordo asinada do titor/a, na que se expresará a súa autorización e declaración de que a proposta foi revisada e axustada ao tema acordado. O/A titor/a deberá expoñer claramente as tarefas e funcións de cada un dos membros do grupo, se é o caso.

### *6.2. Modalidade Aberta*

Nesta modalidade as propostas deberán ser presentadas por PDI con docencia nos graos impartidos na Facultade. A proposta deberá incluír o título, a organización do trabalho (individual ou en grupo), o número de estudiantes, unha descripción das tarefas a desenvolver por cada un dos integrantes do grupo.

A Comisión do Académica e de TFG da Facultade de Ciencias da Comunicación estudará as propostas presentadas polas áreas implicadas e aprobará a oferta de liñas temáticas, podendo, de estimalo conveniente, axustala, co obxectivo de conseguir unha proposta equilibrada e publicará a lista de propostas resultante.

### *6.3. Renovación*

Os/as alumnos/as matriculados nas convocatorias anteriores que non superaron o TFG poden renovar a súa solicitude mediante a presentación de formulario

## **Artigo 7. Asignación de propostas**

Os/as estudiantes matriculados no TFG concurrirán á convocatoria de asignación de titor/a que a Comisión Académica e de TFG aprobe para cada curso académico podendo elixir entre a modalidade consensuada e a aberta. Para esta última establecerase a relación de titores/as, liñas de trabajo e para ámbalas dúas os prazos, formulario de solicitud e lugar de presentación.

A asignación de propostas na modalidade aberta realizarase tendo en conta como criterio as preferencias expresadas na solicitud e tomando como criterio selectivo a media do expediente académico do/a alumno/a ao remate do curso académico inmediantamente anterior no que estivese matriculado agás para o alumnado do curso ponte no que o criterio selectivo será a media do expediente da titulación coa que se accedeu.

Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudiante e o titor/a asignado deberán asinar un compromiso de inicio do trabalho a fin de delimitar a liña e tema do trabalho a realizar e que deberá remitirse á Secretaría da Facultade no prazo que se estableza na convocatoria de asignación de titor/a de cada curso académico e conterá como mínimo a seguinte información:

- I. Título do TFG.
- II. Resumo da proposta.
- III. Sinatura do titor/a e do alumno/a e data.

## **Artigo 8. Modificacóns**

De modo excepcional, tanto o/a estudiante como o/a titor/a poderán solicitar a renuncia da asignación do TFG ou o cambio de trabalho baixo a mesma titorización ou asignación dun novo

titor/a, mediante escrito razoado remitido á Comisión Académica e de TFG e presentado na Secretaría do Decanato. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

#### ***Artigo 9. Requisitos para o depósito e defensa do TFG***

Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superado todos os outros créditos necesarios para a obtención do título de Grao agás os correspondentes aos propios do traballo. Cada estudiante solicitará o depósito e defensa do TFG nos prazos e forma establecida para cada curso académico pola Comisión Académica e de TFG no programa e na guía docente do TFG da titulación e coa indicación expresa de se opta pola avaliación ante o titor ou ante un tribunal. A avaliación por un tribunal do traballo será requisito para optar á cualificación superior a notable e á mención “matrícula de honra”. A avaliación complementaria á do tribunal permitirá outorgar unha cualificación máxima de notable.

#### ***Artigo 10. Requisitos formais dos traballos***

A Comisión Académica e de TFG aprobará o programa e a guía docente do TFG para cada curso académico onde se establecerán os requisitos formais do traballo e como mínimo adoptará a seguinte estrutura:

- Portada exterior na que figuren: Titulación, curso académico, Nome completo do/a alumno/a e do/a titor/a e título do traballo.
- Portada interior: O título do traballo en galego, castelán e inglés.
- Visto e Prace do titor/a para defensa do traballo.
- Índice dos capítulos e apartados.
- Abstract ou resumo (máx. 200 palabras) e palabras chave (5) en galego, castelán e inglés.
- Introdución.
- Desenvolvemento dos contidos en función da modalidade de TFG.
- Conclusóns.
- Referencias documentais.
- Anexos, se procede.

#### ***Artigo 11. Tribunais***

##### ***11.1. Defensa pública ante tribunal***

Os traballos serán avaliados por un tribunal en defensa pública composto por tres profesores/as da USC que imparten docencia no Grao en Xornalismo, do que poderá formar parte o titor/a do traballo consonte ao artigo 6.4. da Normativa de TFG e TFM da USC

(Consello de Goberno 10/03/2016) e, segundo acorde a Xunta de Facultade. O informe do titor terá carácter informativo sen peso específico na avaliación. Os membros dos Tribunais encargados de avaliar os TFG e os suplentes serán nomeados pola Comisión Académica e de TFG para cada curso académico. A avaliación por un tribunal en defensa pública do traballo será requisito para optar á cualificación superior a notable e á mención “matrícula de honra”.

#### *11.2. Defensa pública ante o titor*

O abeiro do artigo 6.7 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, os traballos poderán ser avaliados en defensa pública polo titor/a.

Neste suposto, o/a Titor/a será o encargado/a da avaliación e cualificación que non poderá ser superior a notable.

Neste caso, a acta individualizada será asinada por: o/a coordinador/a de TFG da titulación que actuará como Presidente/a; o/a secretario/a da Facultade que actuará como secretario/a e o/a titor/a que actuará como Vogal.

#### **Artigo 12. Defensa**

A Comisión Académica e de TFG aprobará, publicará e incluirá na guía docente o calendario de depósito e defensa pública dos TFG e o procedemento de avaliación de cada curso académico.

Entre as modalidades de presentación e defensa dos traballos poderá estar calquera das propostas na Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG na USC e as establecidas na guía docente do TFG da titulación para cada curso académico.

#### **Artigo 13. Avaliación**

##### **A. Avaliación do traballo ante un tribunal:**

O Tribunal terá en conta na avaliación os seguintes aspectos:

- I. Relevancia do obxecto de estudo seleccionado para a profesión, tanto a nivel de coñecemento científico como de achega á práctica profesional.
- II. Xustificación da toma decisionés no proceso de elaboración do TFG.
- III. Presentación escrita do TFG.
- IV. Presentación oral e defensa do TFG.

A cualificación final, na que o tribunal terá en conta o informe do/a titor/a, estará integrada por:

- Valoración do TFG escrito tendo como referencia o instrumento de avaliación específico: máximo 70%.
- Exposición e defensa do TFG: máximo 30 %.

#### B. Avaliación do traballo ante o/a titor/a

A avaliación será realizada polo/a titor/a e terá en conta os seguintes aspectos:

- I. Relevancia do obxecto de estudo seleccionado para a profesión, tanto a nivel de coñecemento científico como de achega á práctica profesional.
- II. Xustificación da toma de decisiones no proceso de elaboración do TFG.
- III. Presentación escrita do TFG.
- IV. Presentación oral e defensa do TFG.

A cualificación final, do titor/a estará integrada por:

- Valoración do TFG escrito tendo como referencia o instrumento de avaliação específico: máximo 70 %.
- Exposición e defensa do TFG: máximo 30 %.

#### **Artigo 14. Cualificación**

A cualificación farase pública mediante os medios telemáticos establecidos na Universidade nun prazo non superior a sete días dende a súa avaliación ou ao remate do prazo de defensa establecido para cada curso académico.

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos TFG do curso académico, a Comisión Académica e de TFG, decidirá e outorgará a cualificación de matrícula de honra que corresponda de entre aqueles traballos que obtiveran a cualificación de sobresaliente, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico.

#### **Artigo 15. Revisión**

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisорios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estos efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal ou polo/a titor/a segundo a modalidade de defensa do TFG escollida. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou.

### ***Artigo 16. Actas***

Elaborarase unha acta individual por cada estudante de TFG que deberá ser asinada por cada membro do tribunal. As actas estarán abertas e deben ser cubertas nos tres períodos (xullo, setembro e febreiro) establecidos para tal finalidade.

Os períodos de cobertura das actas serán os que se fixen no calendario académico oficial.

O alumnado matriculado que non se presentase a ningunha das oportunidades, figurará na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención “non presentado”, que deberá ser asinada no caso dos TFG polo decano/a do centro. Nesta acta conxunta tamén se incorporan as mencións de “matrícula de honra”.

### ***Artigo 17. Copias do TFG. Difusión***

A Facultade será depositaria e custodiará un exemplar dos TFG defendidos no formato e lugar que estableza a Comisión Académica e de TFG para o seu arquivo e consulta.

A Comisión Académica e de TFG, a proposta dos tribunais, poderá proponer a difusión dos TFG que destaque pola súa calidade, en especial os que acaden a mención de matrícula de honra. Os autores/as dos traballos propostos deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (Minerva) no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está, en todo ou en parte, suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou intelectual ou cláusulas de confidencialidade.

### ***Artigo 18. Dereitos do alumnado***

A propiedade intelectual dos traballos correspóndele ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Os exemplares dos traballos superados quedarán no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

### ***Disposición final***

A Comisión Académica e de TFG asumirá as competencias que a Normativa de TFG da Universidade de Santiago de Compostela atribúe á Comisión Académica e de TFG que será

encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario.

O presente Regulamento entrará en vigor cando se publique no taboleiro electrónico da USC despois da súa aprobación polo Consello de Goberno.